

DENDE O SEU NACEMENTO EN 1981, MEDIO CENTO DE CONCELLOS SORTÉANSE CADA ANO A ORGANIZACIÓN DESTE CONCURSO LITERARIO

O premio nómade de Blanco Amor

A Asociación de Escritores homenaxeará mañá as corporacións municipais que fixeron posíbel o galardón nos últimos trinta anos

ALBERTO RAMOS
GALICIA

alberto.ramos@xornaldeg Galicia.com

A Asociación de Escritores en Lingua Galega homenaxeará mañá os 52 concellos que, dende 1981, organizaron o Premio de Novela Eduardo Blanco Amor. O colectivo de autores concedeulles este ano o galardón Os Bos e Xenerosos pola súa actividade na difusión da cultura galega. Este particular certame literario ten as súas raíces nos primeiros consistorios democráticos que, a iniciativa do Concello de Redondela, aunarón esforzos para levar a cabo un proxecto que, pasados 29 anos, se converteu nunha das citas máis prestixiosas do mundo literario da nosa terra. Cada ano, unha corporación municipal das que colabora se encarga por sorteo da organización do único certame en Galicia que aglutina a participación de varios concellos ao xeito dunha comunidade cultural.

"Esta homenaxe é unha dobre ledicia porque, por unha banda, reconece o esforzo dos concellos para difundir a cultura galega, e por outra banda celebra a Eduardo Blanco Amor", salienta Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega.

MALTRATO AO AUTOR

A orixe do premio que leva o nome do autor d'*A Esmorga* —da que se cumpriron 50 anos o ano pasado—, reside precisamente nos últimos momentos deste insigne escritor. "Blanco Amor morreu en 1979. Pasáralo mal despois do seu regreso de Arxentina, volveu porque lle prometeran mil e unha cousas que logo non se cumpriron. Mesmo cando morreu, o Concello de Ourense negouse a realizar homenaxes, o que foi unha afronta. Por iso pensamos que era necesario renderlle tributo", sinala Xosé Martínez González, asesor cultural no Concello de Redondela por aquela época.

A partir deses agravios que padeceu o autor naceu a intención de levar a cabo unha iniciativa cultu-



Eduardo Blanco Amor, autor de 'A Esmorga', faleceu en 1979

ral que levase o nome do escritor ourensán. "Ocorréuseme un certame organizado por unha comunidade cultural formada polos concellos galegos, un proxecto totalmente diferente. Daquela, nos albores da democracia, non había nada semellante", lembra Martínez González. Dese xeito comezou un longo proceso de chamadas telefónicas, cartas e insistencia para que os consistorios galegos apoiasen o certame. "Houbo de todo: algúns dixeron que non, outros atopabas algún que outro salvaxe, pero ao final uniuse un bo número de concellos", sinala o asesor cultural.

O proxecto que lles presentou aos concellos resumíuse nunhas bases que estaban definidas principalmente pola extensión das obras participantes —superior aos 250 folios— e pola organización itinerante do premio mediante un sorteo entre

'A vila sulagada', de Daniel Cortezón, foi en 1981 a primeira novela premiada

os concellos adheridos á iniciativa. Esas foron as bases que González Martínez lles presentou primeiramente aos responsables de Cultura do Concello de Redondela. "Daquela non había concellerías como as que hai hoxe en día, funcionabamos por comisións, e eu estaba na de Cultura con outros tres compañeiros do consistorio. De aí saíron iniciativas como a recuperación de festas populares, a porcentaxe en galego do repertorio das orquestras e, por suposto, o premio Blanco Amor. Todo isto grazas a que Redondela foi o primeiro concello galego que contou cunha sección de normalización

lingüística", lembra Xurxo Martínez, edil en Redondela na primeira corporación democrática.

Despois do paso pola comisión de Cultura, polo pleno do Concello de Redondela e polo do resto de corporacións municipais organizadoras, publicáronse en 1981 as bases para o I Premio de Novela Longa Blanco Amor, organizado polo Concello de Redondela, coa participación dun total de 35 consistorios e cunha dotación económica de 500.000 pesetas daqueles tempos.

O primeiro gañador foi o xa desaparecido Daniel Cortezón coa obra *A vila sulagada*. Despois daquel galardón inaugural, a nómina de premiados cubriuse coas letras douradas de insignes escritores. Víctor Freixanes, Alfredo Conde, Suso de Toro ou Xesús Rábade son algúns dos nomes reconecidos co Blanco Amor. "Non esperabamos que chegase tan lonxe este premio, foi case un experimento. O que buscabamos era que fose significativo, pero o mérito é de Xosé Martínez González. Se el non estivese no Concello, seguramente non existiría o premio", confesa Xurxo Martínez.

O DESPLANTE DE PACO VÁZQUEZ

Un dos trazos máis particulares deste certame é a súa vocación itinerante, de saltar cada ano de concello en concello. Esta realidade ten os seus perigos, xa que algún consistorio, por tamaño, imposibilidade ou outro tipo de cuestións, pode abandonar o proxecto no ano que lle toque organizalo. "O caso máis soado foi o de Francisco Vázquez que, cando era alcalde e lle tocou á Coruña organizalo, deixou sen convocar o premio pola súa falta de vontade", lamenta.

Precisamente nese sistema de organización nomáde está o maior risco para a supervivencia deste xa histórico premio, xa que casos como o do Concello da Coruña poden repetirse. "Hai que crear algún tipo de fundación que se encargue da súa organización, porque cando recae nun concello pequeno pode ser un ano perdido ou pode repetirse o que pasou con Paco Vázquez. Todo isto denota que falta unha consolidación organizativa", sinala a profesora de Filoloxía da USC Dolores Vilavedra. ■

'A ESMORGA', COMPLETA

A Editorial Galaxia publicará antes de fin de ano unha edición restaurada d'*A Esmorga*, na que se incluírán fragmentos restaurados que foron cambiados por parte do autor por imperativo da censura franquista. Agora Galaxia presentará unha nova versión na que se introducirán os fragmentos por restaurar, localizados todos eles no capítulo quinto e que teñen unha importancia decisiva para o tráxico desenlace da obra. A nova edición ten a súa orixe no artigo *As vicisitudes editoriais d'A Esmorga*, de Xosé Manuel Dasilva, no que se demostra que aínda hoxe se publica en Galicia a obra incompleta como consecuencia da censura franquista.

www.xornal.com

Opina sobre a historia do premio Blanco Amor na sección de Cultura da nosa web